



ORGANİZAN



Concello de Boiro

COLABORAN

XUNTA
DE GALICIA

JJ Chicholino

Bandín Audio

Pirotecnia Ricardo Resúa

Abadía de Santo Enrique

Polbeiría Porta

Editorial Galaxia

Hércules de Ediciones

La Voz de Galicia

Cruz Vermella de Boiro

Protección Civil de Boiro

Artesanía Daniela Castellucci

BOLETÍN INSCRIPCIÓN [BARBANTIA]

Nome Apellidos

D.N.I..... Telefonos

Correo electr.....Enderezo

C.P. Concello Provincia

Autorización bancaria (Só se pagará polo banco)

Sucursal

Enderezo

Sr. Director do Banco	Sucursal	Enderozo
Prégolle que acepten os recibos correspondentes á cota como socio/a da Asociación Cultural BARBANTJA por valor de 15 €.		
con cargo a miña conta co seguinte IBAN		

En....., à.....dede 20

Assdo. (sinatura co nome e apelidos)

* A COTA ANUAL DE SOCIO/A É DE 15 € E DÁ DIREITO A OBTER GRATUITAMENTE O ANUÁRIO DE ESTUDOS DO BARBANZA QUE EDITA A ASOCIACIÓN

VIII ROMARÍA DAS LETRAS NO BARBANZA

DATA: Xoves, 17 de maio de 2018

LUGAR: Parque d'A Cachada (Boiro)

PROGRAMA:

PARQUE D'A CACHADA:

11:00 h: apertura recinto e recibimento participantes.

11:30 h: **xogos tradicionais e populares** para todas as idades.

12:00 h: danza tradicional co **GRUPO AROÑA** de Lampón.

12:30 h: actuación dos obradoiros de música tracional da **ANPA DE ESCARABOTE**.

12:45 h: Baile galego co **GRUPO DE ABANQUEIRO**.

13:00 h: actuacións dos grupo **NUNCA É TARDE** e **AÍNDA É SEDO**.

13:30 h: cantareiras **LUMIEIRA**.

Durante todo o día: mostra tradicional de encaixe a cargo das **Palilleiras Galegas REVOLTEIR@S**.

14:00 h: xantar campestre nos xardíns do Parque da Cachada.

15:30 h: **xogos tradicionais e populares** para todas as idades.

16:00 h: lectura de textos da obra de **María Victoria Moreno Márquez**, autora homenaxeada no **Día das Letras Galegas 2018** a cargo de **Grupo de Teatro AIRIÑOS de Rianxo**.

16:30 h: discursos institucionais e presentación do libro **Doce cartas a María Victoria Moreno** de **Ánxela Gracían** (Hércules de Ediciones).

17:15 h: presentación do libro **Alma e o mar**, de **Chisco Fernández Naval** (editorial Galaxia).

18:00 h: actuación do grupo de baile tradicional **ABELOURA**.

18:30 h: actuación de **XILBARBEIRA**.

19:00 h: Concerto das Letras: actuación de **CAXADE**, acompañado pola **BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE BOIRO**.

20:00 h: Remate da **VIII Romaría das Letras no Barbanza**.

Así mesmo, durante toda a xornada estarán abertos ao público os stands dos colectivos colaboradores e a exposición fotográfica sobre MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ.

GRUPOS PARTICIPANTES

Grupo de Baile e Música tradicional da **A. C. Pedra de Aroña** de Escarabote

Grupo de Baile Tradicional de Abanqueiro

Obradoiros de Música Tradicional da **ANPA de Escarabote**

Grupo de Teatro Airiños de Rianxo

Nunca é tarde e Aínda é sedo grupo de cantareiras de Boiro

Albaroque, grupo de cantareiras de Escarabote

Lumieira, grupo de cantareiras de Boiro

Abeloura, grupo de baile tradicional de Boiro

Xilbarbeira, grupo de baile tradicional de Boiro

Palilleiras galegas: *Revolteir@s*

Banda Municipal de Música de Boiro



María Victoria Moreno Márquez
(1939-2005)

Nacida en 1939 en Valencia de Alcántara, Cáceres, fixo a súa primeira viaxe a Galicia en 1947. Tras estudar en Barcelona, inicia os estudos de Filoloxía Románica en Madrid en 1958 e acada a licenciatura en 1963, ano no que casa e ven vivir a Galicia traballando como docente no Instituto Feminino de Pontevedra. En 1965 gaña as oposicións de lingua e literatura española e vai destinada ao instituto de Lugo, pero en 1967 volve ao Instituto Feminino de Pontevedra. En 1973 publica o seu primeiro libro, *Mar adiante*, contos para nenos. En 1979 é xa catedrática de instituto, destinada a Ribadavia, pero solicita a excedencia ata o seu reingreso en Vilalonga (Sanxenxo) en 1986, para pasar a Pontevedra en 1990, cidade na que se xubila en 2002. En 1997 diagnósticanlle un cancro, enfermidade da que falece en 2005.

Verdadeiro exemplo de identificación con Galicia, a súa lingua e a súa cultura, malia á súa orixe foránea, destacou como narradora e poeta para a infancia e a mocidade. Foi tamén tradutora, ensaísta e autora de poemas e novelas para o lectorado adulto. A súa obra máis famosa foi *Anagnórise*, publicada en 1988, pero ademais foi autora de *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *Guedellos de seda e liño* (1999), do poemario *Elexías de luz* (2006), dun *Diario da luz e da sombra* (2004), no que narra a vivencia da súa enfermidade; dos ensaios *Verso e prosa* (1991), *As linguas de España* (1991) e *É a lúa que baila...* (2018), no que se reúnen os seus traballos sobre García Lorca e os *Seis poemas galegos*. Publicou, ademais, varios manuais para o ensino, sendo o máis destacado *Literatura do século XX* (1985), en colaboración con X. Rábade Paredes. Aínda é autora doutras obras como *A festa no faiado* (1983), *Querida avoa* (1991), *¿Un cachino de bica?* (1994), *¿E haberá tirón de orellas?* (1997), *¡Xa non teño medo!* (1998), *A brétema* (1999), *Eu conto, ti cantas...* (2005). En 1973 publicara a escolma *Os novísimos da poesía galega* e traduciu ao galego *O voo de Inés* (1984), de María de la Luz Uribe, *Mecanoscrito da segunda orixe* (1989), de Manuel de Pedrolo, *Isto que ves é o mar* (1989), de Gabriel Janer, *Os ollos do dragón* (1989) de María Ánxeles Gardella e *As mazás da prosperidade* (1991) de Andersen.

A obra de **María Victoria Moreno Márquez** foi traducida ao catalán, castelán, éuscaro e aranés.